

## **Fernão Rodrigues de Calheiros**

Rubrica

O grand'amor que eu cuidei prender  
da mia senhor, quando m'ela monstrou  
(que nom monstrass'!) o seu bom parecer,  
todo xe me doutra guisa guisou:  
e o seu bom parecer que lh'eu vi,  
por meu mal foi, macar lho gradeci.

Eu me cuidei, quando m'ela guaruiu,  
que nunca m'ende mais veesse mal;  
e vej'ora ca por meu mal me viu,  
mao pecado!, ca nom foi por al:  
e o seu bom parecer que lh'eu vi,  
por meu mal foi, macar lho gradeci.

Tod'aquel bem que m'ela fez entom  
e de que m'eu depois muito loei,  
por meu mal foi, ca polo meu bem nom,  
ca de fera guisa lho lazerei:  
e o seu bom parecer que lh'eu vi,  
por meu mal foi, macar lho gradeci.

[cantigas-stag.square-bit.com](http://cantigas-stag.square-bit.com)

© 04/02/2026